

PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 10/04/2018

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000079 (0028401)	3
(0028401) Entrada da iniciativa.....	4
(0029074) Emendas dos grupos parlamentarios	7
(0029084) Emendas dos grupos parlamentarios	9
3.3 10/MOC-000081 (0028409)	11
(0028409) Entrada da iniciativa.....	12
(0029075) Emendas dos grupos parlamentarios	14
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	16
4.1 10/PNP-000757 (0008161)	16
(0008161) Entrada da iniciativa.....	17
(0029085) Emendas dos Grupos Parlamentarios	19
4.2 10/PNP-001890 (0026706)	20
(0026706) Entrada da iniciativa.....	21
(0029059) Emendas dos Grupos Parlamentarios	24
(0029064) Emendas dos Grupos Parlamentarios	25
(0029065) Emendas dos Grupos Parlamentarios	28
4.3 10/PNP-001893 (0026713)	30
(0026713) Entrada da iniciativa.....	31
(0029070) Emendas dos Grupos Parlamentarios	33
(0029071) Emendas dos Grupos Parlamentarios	35
4.5 10/PNP-001952 (0027382)	36
(0027382) Entrada da iniciativa.....	37
(0029057) Emendas dos Grupos Parlamentarios	41
(0029066) Emendas dos Grupos Parlamentarios	43
(0029083) Emendas dos Grupos Parlamentarios	45
4.6 10/PNP-002003 (0027978)	48
(0027978) Entrada da iniciativa.....	49
(0029086) Emendas dos Grupos Parlamentarios	55
4.7 10/PNP-002007 (0028005)	57
(0028005) Entrada da iniciativa.....	58
(0029069) Emendas dos Grupos Parlamentarios	62
4.8 10/PNP-002016 (0028112)	64
(0028112) Entrada da iniciativa.....	65
(0029058) Emendas dos Grupos Parlamentarios	69



3. MOCIÓN.

3.1 10/MOC-000079 (0028401)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario de En Marea - Magdalena Barahona Martín
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez
Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández
Grupo Parlamentario de En Marea - Juan José Merlo Lorenzo
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)



(0028401) Entrada da iniciativa




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 23/03/2018 10:40
Nº Rexistro: 28401
Data envío: 23/03/2018 10:40:54.022

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Ánxelos Cuña Bóveda, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación 26404 (10/INT-000852) debatida na sesión plenaria do 20 de marzo de 2018, sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Integrar á sociedade civil, colectivos feministas e expertas independentes no deseño e desenvolvemento do Plan de Conciliación e Corresponsabilidade previsto no VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- Contabilizar o valor social e económico do traballo reprodutivo no noso País e presentar, antes de remate de 2018, un informe ao respecto ante o Parlamento de Galicia.
- Facer un estudo sobre o reparto de tempo nas tarefas do fogar en Galicia e presentar ante o Parlamento de Galicia os resultados de dito estudo antes do remate de 2018.



- Aumentar os fondos para os programas de conciliación e corresponsabilidade.
- Aumentar os fondos para os programas de emprego feminino.
- Deixar de financiar aos colexios que segregan por sexo.
- Aumentar os permisos por nacemento e adopción para o persoal público.
- Elevar o investimento en funcións de familia/infancia até acadar a media da Eurozona.
- Deseñar e impulsar unha rede pública de ensino infantil de 0 a 3 anos.
- Dirixirse ao Goberno do Estado para recuperar a cotización da Seguridade Social para as persoas coidadoras de dependentes no entorno familiar.
- Dirixirse ao Goberno do Estado para que forneza á Xunta dos recursos necesarios para garantir a prestación a todas as persoas valoradas como dependentes que están en lista de agarda.
- Dirixirse ao Goberno do Estado para que recoñeza os plenos dereitos laborais ás empregadas do fogar, equiparándoas ao resto de persoas traballadoras por conta allea.
- Dirixirse ao Goberno do Estado para que dote á Xunta de Galicia dos recursos necesarios para despregar un sistema público de coidados e atención á dependencia integrado, que incorpore a filosofía da asistencia persoal para a vida independente, aumentando os recursos para posibilitar o aumento de horas para a prestación galega de asistencia persoal para a vida independente.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 10:40
Nº Rexistro: 28401
Data envío: 23/03/2018 10:40:54.022



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/03/2018 18:27:33

Luis Villares Naveira na data 22/03/2018 18:27:42

Antón Sánchez García na data 22/03/2018 18:27:49

Carmen Santos Queiruga na data 22/03/2018 18:27:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/03/2018 18:28:06

Magdalena Barahona Martín na data 22/03/2018 18:28:13

José Manuel Lago Peñas na data 22/03/2018 18:28:21

David Rodríguez Estévez na data 22/03/2018 18:28:30

Eva Solla Fernández na data 22/03/2018 18:28:38

Juan José Merlo Lorenzo na data 22/03/2018 18:28:46

Paula Quinteiro Araújo na data 22/03/2018 18:28:52

Luca Chao Pérez na data 22/03/2018 18:29:00

Francisco Casal Vidal na data 22/03/2018 18:29:11

Marcos Cal Ogando na data 22/03/2018 18:29:15

(0029074) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **28401 [10/MOC-000079]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de abril de 2018.

Emenda de modificación

Propúñase modificar a redacción dos puntos 11 e 12, que quedarían redactados da seguinte maneira:

“Punto 11: Reclamar ao Goberno do Estado español o pagamento dos 150 millóns de euros adebedados a Galiza en materia de dependencia así como a asumir o 50% dos gastos de atención á dependencia de acordo co disposto na lexislación vixente.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:53
Nº Rexistro: 29074
Data envío: 09/04/2018 17:53:12.283



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Punto 12: Instar o Goberno español a introducir as reformas legais que correspondan para recoñecer os dereitos laborais das empregadas do fogar a comezar polo derecho á prestación por desemprego e a indemnización por despedimento.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2018 17:51:24

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:51:29

(0029084) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:15
Nº Rexistro: 29084

Data envío: 09/04/2018 18:15:54,470

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marián García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/MOC-000079 (28401)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de **igualdade, conciliación e corresponsabilidade**, así como de atención ás **persoas dependentes**. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018).

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar no Consello Galego das Mulleres o Plan galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 para a súa información e análise así como achegas ao mesmo.
2. Promocionar, no primeiro ano de vixencia do Plan galego de Conciliación e Corresponsabilidade, estudos e investigacións que permitan coñecer e cuantificar o valor social e económico do traballo doméstico e do traballo de coidado e atención ás persoas.
3. Crear, no primeiro ano de vixencia do Plan galego de Conciliación e Corresponsabilidade, un sistema de indicadores en torno á economía do tempo, que permita valorar cuantitativa e cualitativamente os tempos dedicados ao traballo remunerado, á familia e á esfera persoal, a partir da explotación estatística da Enquisa de emprego do tempo e dunha conta satélite de producción doméstica.
4. Aumentar os fondos para os programas de conciliación e corresponsabilidade.
5. Equiparar progresivamente os permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible, incrementando o permiso de paternidade de cinco a sete semanas, co obxectivo de impulsar a corresponsabilidade na crianza e coidado de menores.
6. Implantar un permiso adicional de 4 semanas en caso de parto, para o persoal funcionario, durante o que se percibirá o 75% de todas as retribucións e que poderá desfrutar indistintamente unha ou outra persoa proxenitora.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:15
Nº Rexistro: 29084**

Data envío: 09/04/2018 18:15:54.470

7. Impulsar novas formas de organización administrativa do traballo mediante a implantación de horarios flexibles, incluíndo a posibilidade de establecer bolsas de horas de libre disposición acumulables entre sí de ata un 5% da xornada anual, con carácter recuperable.

8. Seguir incrementando o investimento en familia e infancia.

9. Continuar dando resposta ás necesidades de conciliación das familias galegas, sempre dentro do fomento da corresponsabilidade no fogar entre pais e nais, mediante o impulso da rede de infraestruturas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, a posta en marcha de novas prazas en escolas infantís da rede pública, a ampliación do programa Bono Concilia e a posta en marcha de novas casas-niño no rural

10. Dirixirse ao Goberno español e reiterar a demanda sobre o financiamento do 50% dos gastos de atención á dependencia así como trasladarlle de novo a necesidade de mellorar a prestación de asistente persoal.

11. Dirixirse ao Goberno do Estado para que adopte medidas necesarias para velar de maneira efectiva polo cumprimento dos dereitos laborais das empregadas do fogar.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/04/2018 18:14:59

María Ángeles García Míguez na data 09/04/2018 18:15:08

3.3 10/MOC-000081 (0028409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 27038, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

(0028409) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 20 de marzo de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina (10/INT-000870, doc. núm. 27038)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir aos grupos parlamentarios os informes técnicos do Sergas referidos ás recomendacións sobre o número de estudiantes a admitir no curso 2018/2019 para a titulación de Medicina.
2. Remitir aos grupos parlamentarios o informe do Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia sobre a provisión de prazas nos graos en Ciencias da Saúde impartidos polas universidades no Sistema universitario de Galicia.
3. Avaliar conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela a dotación de medios humanos e materiais existentes na Facultade de Medicina e, de ser necesario, acordar un programa extraordinario de financiamento para garantir os medios necesarios que permitan ofrecer a mellor calidade formativa posible.
4. Desenvolver as accións e negociacións necesarias para conquerir unha ampliación de prazas MIR para Galicia, atendendo as recomendacións dos informes técnicos do Sergas sobre a necesidade de prazas profesionais no Servizo Galego de Saúde. Dotar dos medios necesarios ao Sergas para poder acoller esas prazas.
5. Establecer un plan plurianual de contratación estable que palíe o problema de déficit e precarización do emprego na sanidade pública, co



■ Grupo Parlamentario

compromiso de abrir durante os anos 2018 a 2020 OPE de 1750 prazas/ano.

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 11:24:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2018 11:24:08



(0029075) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **28409 [10/MOC-000081]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 27038, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de abril de 2018.

Emenda de substitución

Substituír o punto 5 polo seguinte texto:

“Presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadre de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das case 6.000 prazas vacantes.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:53
Nº Rexistro: 29075
Data envío: 09/04/2018 17:53:41.908



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2018 17:30:36

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:30:41



4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-000757 (0008161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Viloslada

Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera

(0008161) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia vén desatendendo dende hai anos os equipos de valoración da discapacidade (EVO), que son os que determinan o grao de discapacidade das persoas que así o solicitan, o que ocasiona retrasos nas tramitacións das valoracións, tanto nas solicitudes como nas revisións. En moitos casos, a falla de persoal fai que o tempo de espera media das persoas usuarias sexa de ano e medio ou dous anos, ocasionalo ás persoas solicitantes moitos prexuízos no seu día a día: por exemplo para solicitudes a respecto de transportes colectivos e prazas de aparcadoiro, nas prestacións económicas de persoas maiores e no recoñecemento de dereitos en mutualidades.

Ante esta situación os e as socialistas vimos reclamando á Administración incrementar os equipos multidisciplinares dos EVO, xa que esta tardanza non vén derivada dun pico de traballo senón que é estrutural, o que implica que se debería incrementar o número de equipos e crear postos para axilizar a xestión dos expedientes de incapacidade.

Recentemente coñecímos que a Dirección de Recursos Humanos do Sergas enviou unha comunicación aos seus e as súas profesionais ofrecendo a posibilidade de "participar de forma voluntaria e remunerada, fóra da súa xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade". O Goberno galego reacciona pois ás reiteradas queixas por un problema estrutural nos equipos de valoración de discapacidade, ofrecendo un parche a través dun convenio de colaboración Sergas-ConSELLERÍA de Política Social, para que o persoal médico do Sergas, mediante horas extras, faga a tarefa que lle corresponde a estes equipos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar no prazo máximo de seis meses a lista de espera, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións de discapacidade.

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
 Julio Torrado Quintela
 Juan Manuel Díaz Villoslada
 Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/04/2017 13:59:02

Julio Torrado Quintela na data 21/04/2017 13:59:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/04/2017 13:59:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/04/2017 13:59:20



(0029085) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:16
Nº Rexistro: 29085
Data envío: 09/04/2018 18:16:07.345

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, **10/PNP-000757 (8161)**, sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da **discapacidade** en Galicia co fin de eliminar as **listas de espera**.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de que remate o ano 2018, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións de discapacidade”.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/04/2018 18:08:50

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 09/04/2018 18:08:54



4.2 10/PNP-001890 (0026706)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco



(0026706) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26706
Data envío: 21/02/2018 19:30:27.979

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e das súas deputadas **Ánxelos Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Ante o anuncio da posible venta do Pazo de Meirás por parte dos herdeiros do ditador, que consolidaría o espolio e praticamente imposibilitaría que se puidese incorporar ao Patrimonio público, compe que as administracións actúen con dilixencia.

Dado que consta acreditada a simulación dunha compra-venta que, en realidade, non foi tal, creemos necesario que a Xunta de Galicia presente de inmediato no Xulgado a vía civil da acción de nulidade do título da fraudulenta adquisición por Francisco Franco do Pazo de Meirás.

Dita acción de nulidade debe ser promovida pola Xunta de Galicia, en canto está lexitimada polas competencias que ten atribuídas en materia de tutela do patrimonio histórico-artístico, e, máis en concreto, coa lexitimación reforzada ao tratarse dun BIC (ben de interese cultural).

A presentación de dita acción de nulidade debe levar tamén aparellada a súa anotación preventiva no Rexistro da Propiedade aos efectos de público coñecemento por terceiros, xa que unha hipotética transmisión a terceiros do Pazo suporía unha dificultade engadida para a súa incorporación ao patrimonio



público, ainda no suposto de que prosperase a acción de nulidade que se poida presentar ante o Xulgado.

Co obxectivo da incorporación do Pazo ao patrimonio público a custo cero, a urxencia da situación obriga a que os poderes públicos, así como as distintas mesas e xuntas (a constituída pola Xunta e a promovida pola Deputación), xa convocadas para os vindeiros días, definan e precisen canto antes, e á maior brevidade, cal é a estratexia xurídica e procesual para acadar tal obxectivo de incorporación a tal custo cero para as arcas públicas. Estratexia xurídica que ao noso criterio, e sen prexuízo doutras, debe comezar por presentación de dita acción de nulidade, dado que consta acreditada a simulación dunha compra-venta que, en realidade, non foi tal.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que, sen prexuízo doutras accións que determine a Comisión de expertos creada co obxectivo da incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público:

- 1) Presente de inmediato no Xulgado a vía civil da acción de nulidade do título da fraudulenta adquisición por Francisco Franco do Pazo de Meirás.
- 2) Proceda á anotación preventiva no Rexistro da Propiedade aos efectos de público coñecemento por terceiros.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxel Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26706
Data envío: 21/02/2018 19:30:27.979



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 21/02/2018 19:29:36

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/02/2018 19:29:43

Luca Chao Pérez na data 21/02/2018 19:29:50



(0029059) Emendas dos Grupos Parlamentarios

 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco (doc. núm. 26706).

Emenda de substitución

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar ao goberno do Estado a poñer en marcha todas as accións administrativas e xudiciais oportunas para conseguir a recuperación posesoria e de oficio para o Patrimonio Público do Pazo de Meirás, comprometéndose a Xunta de Galicia a colaborar en todo o necesario.”

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data **09/04/2018 16:03:13**

Maria de la Concepción Burgo López na data **09/04/2018 16:03:30**



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0029064) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:13
Nº Rexistro: 29064
Data envío: 09/04/2018 17:13:24.939


GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxelos Cuña Bóveda e do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 26706, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco, incluída na orde do día da sesión plenaria do día 10 de abril de 2018. (10/PNP-001890).

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débese substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que:

1) Mediante unha acción coordinada entre as administracións do Estado, Deputación da Coruña e Concello de Sada exercite, participe ou coadxuve ás accións legais oportunas, para a incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público.

2) Dote á Comisión de Expertos para a devolución do Pazo de Meirás, creada para o fin de estudar as vías legais para dita devolución, dos medios necesarios, materiais e humanos, precisos para desenvolver as súas actuacións do mellor xeito posible, de maneira que poida presentar o seu ditame, á maior brevidade posible.

3) Demande do Estado español:



a) A incorporación da Avogacía do Estado á Comisión de Expertos para a devolución do Pazo de Meirás, así como á Xunta Pro-Devolución, aos efectos do estudo e procedencia das accións administrativas e xudiciais oportunas que deban emprenderse aos efectos da incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público.

b) A que de resultas das conclusións xurídicas dos informes emitidos no seo de dita Comisión e Xunta, á vista da proba documental existente, e de conformidade coa estratexia xurídica coordinada antes sinalada entre as distintas administracións (estatal, autonómica e local), incoar expediente de recuperación posesoria do Pazo de Meirás e a interposición das accións xudiciais que procedan. Caso de considerar que a propiedade do Pazo de Meirás era pública, antes de ser outorgada a escritura pública de venda con data 24/5/1941, ao efecto de anular ou extinguir o título de propiedade detentado pola familia herdeira do ditador Franco (nese caso, mesmo a vendedora non podería ter transmitido o que xa non era seu, senón público); ou ben, caso de considerar que o verdadeiro pagador do prezo e comprador non foi o ditador Franco, ao efecto de modificación do referido título no que atinxe á persoa compradora a quen se lle transmitiu o dominio do vendido. E co obxecto da súa reversión e incorporación ao Patrimonio público e o seu posterior destino conveniado a uso dotacional público.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxel Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:13
Nº Rexistro: 29064
Data envío: 09/04/2018 17:13:24.939



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/04/2018 16:55:37

Antón Sánchez García na data 09/04/2018 16:55:46



(0029065) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 26706 [10/PNP-001890], do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de abril de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tendo en conta o acordo aprobado por unanimidade polo Pleno da Deputación da Coruña, demandar do Estado que exercente as accións administrativas e legais oportunas para os efectos de recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do Pazo de Meirás, e para tal efecto comprometer a colaboración da Xunta de Galiza.
2. No suposto de que esta vía non prospere, iniciar todas as accións administrativas e legais precisas para conseguir que o Pazo de Meirás pase ao patrimonio público, incluindo a vía civil da acción de nulidade do título da fraudulenta adquisición por Francisco Franco do Pazo de Meirás.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:34
Nº Rexistro: 29065
Data envío: 09/04/2018 17:34:15.689



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Velar co máximo rigor, incluíndo sancións económicas, para que a familia Franco cumpra as esixencias derivadas da declaración do Pazo de Meirás como BIC. E para que nas visitas se respete a verdade histórica e a memoria das vítimas do franquismo.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/04/2018 17:30:55

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:31:00



4.3 10/PNP-001893 (0026713)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos

(0026713) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 10:39
Nº Rexistro: 26713**

Data envío: 22/02/2018 10:39:42,949

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Maria Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Núvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago foi, desde o seu inicio, un colaborador necesario para a proxección internacional do Camiño de Santiago.

Ao igual que o Camiño, o Comité pretende ser ese lugar de encontro, de estudio e de investigación diverso e plurinacional que propicie o desenvolvemento de proxectos de coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago.

Unha faceta importantísima e enriquecedora porque enraíza cos países, poboacións e lugares polos que transita o Camiño ao longo de toda Europa.

Precisamente este carácter plurinacional do Comité de Expertos serviu para abrir canles de cooperación e colaboración con entidades, institucións e organismos dos países aos que pertencen. Neste sentido cabe nomear a estreita relación entre os Centros de Estudos Xacobeos e os membros do Comité Internacional de Expertos.

Possiblemente por iso, o Plan Director e Plan Estratégico do Camiño de Santiago en Galicia na liña estratégica de coordinación e organización administrativa inclúe o fortalecemento do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago así como o impulso á súa relación cos Centros de Estudos Xacobeos.

Considérase que este momento é o axeitado para avanzar no fortalecemento do Comité, e dos Centros de Estudos Xacobeos, cara a afrontar o Xacobeo 2021 nas mellores condicións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer unha serie de medidas e accións que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago así como elaborar un programa de colaboracións cos Centros de Estudos Xacobeos”.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 10:39
Nº Rexistro: 26713**

Data envío: 22/02/2018 10:39:42.949

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2018 10:27:32

Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2018 10:27:41

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2018 10:27:48

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2018 10:27:55

María Isabel Novo Fariña na data 22/02/2018 10:28:01

Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2018 10:28:07

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2018 10:28:15

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/02/2018 10:28:23

Paula Prado Del Río na data 22/02/2018 10:28:30

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2018 10:28:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0029070) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei**, doc. núm. **26713 [10/PNP-001893]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de abril de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a remitir á Cámara nesta semana toda a documentación referida ao proceso de contratación coa UTE Old Navy Port Produccións S.L. e Esmerarte Industrias Creativas S.L. para a promoción do evento Xacobeo 2021.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:35
Nº Rexistro: 29070
Data envío: 09/04/2018 17:35:04.111



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Ana Pontón Mondelo
 Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2018 17:32:47

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:32:53



(0029071) Emendas dos Grupos Parlamentarios

 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos (doc. núm. 26713).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer un programa de actuacións do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, liderado pola Consellería de Cultura, así como dotar dunha contía orzamentaria estas actuacións.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Pérez Seco na data 09/04/2018 16:39:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 16:39:59



4.5 10/PNP-001952 (0027382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouríño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo

Sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller



(0027382) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 13:30
Nº Rexistro: 27382

Data envío: 06/03/2018 13:30:57.872

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Miguel Tellado Filgueira, Marián García Míguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouríño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A conciliación entre a vida profesional e a vida persoal cada día adquire máis importancia na sociedade, e por iso o goberno da Xunta de Galicia apostou en cada período orzamentario por incrementar os recursos de conciliación dispoñibles para os galegos e galegas. Ademais das medidas que poña en marcha o goberno, corresponde ao lexislativo establecer as normas que fagan posible esa conciliación e as empresas as leven á práctica para que sexa real e efectiva. Neste sentido, na práctica, as nais traballadoras son un colectivo que require un especial grao de protección legal para evitar que por razón do seu embarazo, permiso de maternidade e demais dereitos derivados de elo, poidan ser obxecto de discriminación laboral, acoso o despido.

Tanto a baixa por maternidade como o risco durante o embarazo son situacóns que afectan de modo exclusivo ás mulleres por razón do seu sexo; tendo en conta que estes permisos son absolutamente maioritarios por parte das mulleres e en exclusiva a prestación por risco no embarazo; e por iso temos a obriga de intensificar a protección



PARLAMENTO DE GALICIA



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 13:30
Nº Rexistro: 27382

Data envío: 06/03/2018 13:30:57.872


do seu dereito a non discriminación e garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A doutrina do Tribunal Constitucional considera que o embarazo é un elemento diferencial que, en tanto que feito biolóxico incontrovertible incide de forma exclusiva sobre as mulleres e supón que a protección da condición biolóxica e da saúde da muller traballadora ten que ser compatible coa conservación dos seus dereitos profesionais, de tal forma que calquera minusvaloración ou o prexuízo causado polo embarazo ou a maternidade constitúe un suposto de discriminación directa por razón de sexo.

As condutas empresariais non poden vulnerar o dereito a non sufrir discriminación por razón de sexo e que non se produza prexuízo algún ás mulleres pola súa condición de mulleres, polo embarazo ou pola maternidade. Ser nai non convierte a unha traballadora en menos convinte aos intereses do empresariado en peor traballadora ou menos comprometida.

A nosa lexislación actual é moi clara respecto ás situacíons de acoso laboral e, sobre todo respecto da protección da maternidade, especialmente nos contornos de traballo. Polo tanto a normativa é determinante á hora de regular como delito o acoso ou o denominado *mobbing maternal*. Así podemos citar os Convenios 158 e 183 da OIT, a Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller, o art. 14 e Protocolo n.º 12 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, os arts. 17 e 20 da Carta Social Europea, numerosa xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, arts. 2 e 3 dos Tratados da Unión Europea, arts. 8, 19 153 e 157 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, arts. 21 e 23 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, Varias Directivas da UE contra a discriminación e o acoso (art.10 Directiva 92/85/CEE, art. 2.3 Directiva 2000/78 CE, art. 2 c) da Directiva 2004/113/CE, art. 2.1 c), 14 e 15 da Directiva 2006/54/CE). Na nosa

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 13:30
Nº Rexistro: 27382

Data envío: 06/03/2018 13:30:57.872

lexislación debemos empezar polo mandato que fai a nosa Constitución española: “*todos os españoles teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo*”. Sen esquecer o Estatuto dos Traballadores nin as numerosas leis específicas a nivel estatal e galego relativas á protección da maternidade e da familia, así como as relativas á exixencia do cumprimento dos principios da igualdade de xénero e as que impulsan o traballo en igualdade das mulleres do Estado e de Galicia.

Por tanto coa actual lexislación vixente abonda a normativa que protexa e, no seu caso, penalice as graves situacións ocasionadas polas situacións de acoso ou *mobbing maternal*. Ademais, cómpre lembrar que a Inspección de Traballo persegue todo tipo de infracción da lexislación laboral.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos dar un paso máis e implicar á Xunta de Galicia como garante do cumprimento da lexislación vixente no ámbito penal e que poda exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da maternidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover as reformas legais oportunas para que a Xunta poda defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller”.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 13:30
Nº Rexistro: 27382**

Data envío: 06/03/2018 13:30:57.872

Santiago de Compostela, 05 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/03/2018 18:18:55

Paula Prado Del Río na data 05/03/2018 18:19:00

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/03/2018 18:19:12

María Ángeles García Míguez na data 05/03/2018 18:19:33

César Manuel Fernández Gil na data 05/03/2018 18:19:49

Jacobo Moreira Ferro na data 05/03/2018 18:19:58

María Isabel Novo Fariña na data 05/03/2018 18:20:35

Antonio Mouríño Villar na data 05/03/2018 18:20:57

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2018 18:21:11

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/03/2018 18:21:25

Raquel Arias Rodríguez na data 05/03/2018 18:21:37

María Guadalupe Murillo Solís na data 05/03/2018 18:21:58

Moisés Blanco Paradelo na data 05/03/2018 18:22:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0029057) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller (10/PNP-001952, documento número 27382)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a promover a reforma da Lei da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia 4/2016, de 4 de abril, para que a Xunta poda defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller, mediante a excepción da necesidade do acordo previo do Consello da Xunta de Galicia para o exercicio de tales accións.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para proceder ao recoñecemento do “mobbing maternal.”

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29057**

Data envío: 09/04/2018 16:28:09.236



■ Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 16:12:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 16:12:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

(0029066) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **27382 [10/PNP-001952]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de abril de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

a) promover as reformas legais oportunas para que a Xunta poda defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada da discriminación por razón de sexo ou por razón do exercicio dos dereitos de conciliación. Así mesmo, a presentar no Parlamento Galego un informe anual dos resultados desta actuación.



b) intervir con carácter inmediato no caso de acoso e psicoterroismo da empresa Autobuses de Calo (HEDEGASA S.L.), adxudicataria da Xunta de Galiza, contra a traballadora Nélida Pisco, recoñecido xudicialmente.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2018 17:31:48

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:31:54



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0029083) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:14
Nº Rexistro: 29083
Data envío: 09/04/2018 18:14:39,408


GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araujo e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **27382**, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller, incluída na orde do día da sesión plenaria do 10 de abril de 2018. (10/PNP-001952).

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover as reformas legais oportunas para:

1.- Garantir a non discriminación das mulleres, só por razón de xénero, en todas as súas instancias, organismos, entes públicos e axencias de xeito real e efectivo, con medidas que garantan a igualdade de salario e igualdade de promoción así como o acceso aos postos de responsabilidade, altos cargos, na creba do teito de cristal que se ve en todas as institucións e facilitando o seu acceso en igualdade de condicións e méritos.

2.- Garantir e asegurar a defensa dos dereitos das vítimas, procurando a asistencia integral con asesoramento psicolóxico e o acompañamento nos xulgados ata a finalización do procedemento, así como o asesoramento laboral,



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:14
Nº Rexistro: 29083
Data envío: 09/04/2018 18:14:39.408



penal e procesual das vítimas de violencia contra a muller poñendo todos os medios económicos e humanos a disposición das mulleres e as súas crianzas e axudando a paliar ata erradicar a violencia contra as mulleres.

3.-Garantir e asegurar o exercicio das accións laborais, penalizando as empresas que incorran en discriminación laboral das mulleres embarazadas, nais, etc.. coas seguintes medidas:

- Perda de contratos coa administración pública.
- Retirada de subvencións e/ou bonificaciós.
- Inspeccións, cada 6 meses, a empresas/ empresarios/as reincidentes na vulneración de dereitos das mulleres, para levar adiante as sancións correspondentes.
- Obrigatoriedade de plans de igualdade e informe de execución anual.
- Plan específico de control de mulleres en cada empresa pola inspección de traballo e cantas retornan con normalidade aos postos de traballo.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 09/04/2018 18:11:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:14
Nº Rexistro: 29083
Data envío: 09/04/2018 18:14:39.408



Luis Villares Naveira na data 09/04/2018 18:11:43



4.6 10/PNP-002003 (0027978)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Viloslada

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

(0027978) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Piérrez López, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Viloslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O 8 de marzo do 2018 pasará á historia por converterse nalgo máis que un simple día de conmemoración dunha data histórica e reivindicativa da igualdade real de mulleres e homes.

Ese algo máis viuse nas rúas de toda Galicia, así como de todo o país. A saída masiva de mulleres acompañadas de moitos homes ten significado un antes e un despois na loita feminista.

Unha clara reivindicación das mulleres para que todas as desigualdades que viven respecto ós homes sexan atalladas de urxencia, converténdose nunha prioridade na folla de ruta deste goberno.

As mulleres de hoxe non queren que esta situación se perpetúe, non son para elas, senón para todas as mulleres do futuro. Ese futuro que se prevé igualitario nun horizonte de 100 anos.

100 anos, que se traducen na condena das mulleres do presente a ter peores pensións que os homes, por non cotizar o mesmo, por ter que renunciar a unha mesma carreira laboral, penalizadas por ser nais, por ser fillas, por querer chegar ás mesmas cotas que os homes, pero con moito máis esforzo que eles..

Sabemos que a discriminación, a desigualdade e o patriarcado seguen estando presentes na sociedade española de hoxe en día. É un problema que ten ido en aumento, ao non terse posto en marcha medidas por



■ Grupo Parlamentario



parte do Goberno para acabar con elles. De aí o retroceso significativo en combater e erradicar a violencia de xénero, incompatible coa democracia. A violencia machista segue medrando, tamén as mulleres asasinadas e as súas fillas e fillos, vítimas todas dos maltratadores.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Subcomisión para un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero é un bo paso, pero non suficiente. Hai que previr e garantir a formación en igualdade en todos os ciclos formativos entre as e os mozos. Sen embargo, o Goberno ten suprimido este ano as subvencións ás universidades para a formación en igualdade, así como os plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas. Só educando en igualdade, poderemos vivir en igualdade.

Recortes drásticos en políticas de igualdade cuxo resultado é o empobrecemento das mulleres, sobre todo das más vulnerables e que ten levado á feminización da pobreza.

A reforma laboral está prexudicando máis ás mulleres polo reparto desigual do emprego no mercado laboral, pola precariedade e a temporalidade laboral e o emprego a tempo parcial, que conlevan un significativo recorte na prestación por desemprego. De aí que a pensión media que reciben as mulleres en Galicia sexa un 38 % máis baixa que a dos homes, porque os salarios que teñen as mulleres son un 22,3 % menos de media. I é que a fenda de xénero de por sí xa importante, tense incrementado nos últimos anos.

As taxas de ocupación e actividade femininas son 8 e 9 puntos inferiores á dos homes galegos.

Tan só o 3,4 % da poboación ocupada feminina traballa en postos de Dirección ou Xerencia, fronte ao 6,4 % no caso dos homes. En Galicia son 27 mil varóns, por 12 mil mulleres, menos da metade, cunha diferenza que case non variou nos últimos anos.

En 2017 1.078 mulleres acolléreronse a algún tipo de excedencia nos seus traballo para pasar máis tempo cos seus fillos e fillas. En cambio, foron só 132 homes. De igual xeito, en 2017 só 293 parellas galegas



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

compartiron o permiso por maternidade para o coidado de recentemente nados, pouco máis do 2 % do total.

Máis do 20% das asalariadas galegas traballan a tempo parcial, mentres a porcentaxe de emprego a tempo parcial é inferior ao 6 % no caso dos homes. Unha parte importante deste emprego parcial non é desexado, senón obrigado. 22.500 mulleres galegas afirman traballar a tempo parcial para o coidado de nenos/as e dependentes e outras obrigas familiares, mentres que só o fan por este motivo 1.100 homes


A inactividade das mulleres por ter outras responsabilidades familiares ou persoais e polo coidado de nenos/as ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores, dista moito da masculina por estas mesmas razóns. Por exemplo, mentres o 4,8 % das mulleres que non traballan declaran non buscar un emprego para coidar dalgún familiar, apenas o 0,6 % dos homes sinala que este é o motivo.

Por outro lado a falta de control de cumprimento da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes por parte da administración e empresas, ten provocado índices tan baixos como que só o 10 % das empresas con máis de 250 persoas traballadoras teñan implantado plans de igualdade, e o 80 % das empresas públicas non conta co mínimo do 40 % de mulleres nos seus consellos de administración.

Todas estas razóns levan a que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, consciente da urxencia de tomar medidas efectivas en pro da igualdade, e de facelo xa, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar a cabo as accións necesarias para acadar a necesaria equiparación na duración dos permisos de maternidade e paternidade do persoal público ao servizo da Administración autonómica a 20 semanas, independentemente do seu sexo, remunerándoo ao 100 % e sen posibilidade de facelos transferibles entre os dous membros da parella.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 27978**

Data envío: 15/03/2018 13:55:49.856



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Remitir un informe sobre o estado de cumprimento das empresas e entidades con participación das empresas e entidades de participación públicas galegas e suxeitas ás obrigas marcadas polos artigos 45 e 75da *Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
3. Aprobar e presentar na Cámara galega, de acordo ao art. 142 do seu Regulamento e no actual período de sesións, o *Plan de igualdade da Administración xeral e do sector público autonómico galego*, e no cal, entre outras medidas, deberá conter a necesaria equiparación na duración dos permisos de maternidade e paternidade de acordo ao establecido no punto 1, así como as previsions para a posta en marcha, de modo urgente, de medidas para asegurar a presencia equilibrada de mulleres e homes nos órganos colexiados das entidades que conforman o sector público autonómico.
4. Velar polo cumprimento efectivo da *Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes* por parte da administración e empresas, e neste sentido deberá poñer en marcha medidas de incentivo, impulso e axuda para a implementación dos plans de igualdade nas empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras, facilitando o cumprimento do seu artigo 45.
5. Garantir a igualdade de mulleres e homes no acceso, mantemento e promoción no emprego, e neste sentido impulsar a incorporación e promoción das mulleres en traballos emerxentes no novo modelo produtivo; e revisar todas as normas relativas aos permisos parentais para evitar que a neutralidade na súa formulación impulse que sexan maioritariamente as mulleres os que gocen deles, avanzando cara ao concepto de corresponsabilidade na asunción das responsabilidades familiares.
6. Demandar do Goberno do Estado:



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:55
No Rexistre: 27978
Data envío: 15/03/2018 13:55:49.856



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- a) A existencia dunha dotación orzamentaria suficiente para a posta en práctica inmediata de todas as medidas contempladas no Pacto de Estado para a Violencia de Xénero, e especialmente para as medidas número 3 e 183 , onde se fai mención a posta en marcha de medidas dentro do ámbito educativo para a prevención, e detección das violencias sexuais, incidindo na educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos.
- b) Acadar a equiparación dos permisos de maternidade e paternidade a 20 semanas, de todas as traballadoras e traballadores, remunerándoo ao 100 % e con carácter intransferible.
- c) Promover a modificación da lexislación de igualdade para incluír sancións en caso de incumprimento que consigan reforzar a representación equilibrada entre homes e mulleres en todos os órganos e institucións do sector público e en todos os niveis de representación pública, así como nos órganos de decisión e dirección colexiados de empresas u organizacións do ámbito privado.

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:55
No Rexistru: 27978

Data envío: 15/03/2018 13:55:49.856



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 13:54:04

María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2018 13:54:09

Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2018 13:54:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 13:54:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 13:54:29

Juan Manuel Díaz Viloslada na data 15/03/2018 13:54:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 13:54:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0029086) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:16
Nº Rexistro: 29086

Data envío: 09/04/2018 18:16:21.736

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marián García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, **10/PNP-002003 (27978)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa **igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico**, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Equiparar progresivamente os permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible, incrementando o permiso de paternidade de cinco a sete semanas, co obxectivo de impulsar a corresponsabilidade na crianza e coidado de menores.
2. Implantar un permiso adicional de 4 semanas en caso de parto, para o persoal funcionario, durante o que se percibirá o 75% de todas as retribucións e que poderá desfrutar indistintamente unha ou outra persoa proxenitora.
3. Aprobar e presentar na Cámara galega, antes de que remate este ano, o Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos públicos.
4. Reforzar as medidas de impulso á implantación dos plans de igualdade nas empresas galegas, con especial atención as pemes.
5. Garantir a igualdade das mulleres e homes no acceso, mantemento e promoción no emprego, e neste sentido impulsar a incorporación e promoción das mulleres en traballo emerxentes no novo modelo produtivo.

6.- Demandar do Goberno do Estado:

- a) A existencia dunha dotación orzamentaria suficiente para a posta en práctica das medidas contempladas no Pacto de Estado para a Violencia de Xénero.

pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:16
Nº Rexistro: 29086**

Data envío: 09/04/2018 18:16:21.736

b) Impulsar a modificación da lexislación de igualdade para promover a representación equilibrada entre homes e mulleres nos órganos de decisión e dirección colexiados das empresas, especialmente entre aquellas sinaladas nos artigos 45 e 75 da Lei orgánica 3/2007.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/04/2018 18:15:22

María Ángeles García Míguez na data 09/04/2018 18:15:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



4.7 10/PNP-002007 (0028005)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez

Sobre as demandas que debe realizar o Gobeno galego ao Ministerio de Fomento para a mellora da seguridade viaria no conxunto da estrada N-540, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Ventas de Narón, Chantada-Taboada e A Barrela-Chantada

(0028005) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 15/03/2018 17:20:51,321

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas e deputados Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Anxeles Cuña Bóveda e Davide Rodríguez Estévez ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro e a falta de mantemento das estradas incrementan de forma considerable as posibilidades de accidente. A circulación por estradas en mal estado supón un sobre esforzo, incrementa a fatiga das persoas condutoras, polo tanto un adecuado mantemento e conservación das estradas é fundamental para mellorar a seguridade vial e a prevención de accidentes.

Foi unha constante dende a crise económica de 2008 a falta de mantemento da rede de estradas estatais no noso País, cunha drástica redución orzamentaria que provocou, na práctica, unha marxinación do mantemento en favor das novas construcións.

Sen ter en conta o sobrecusto que supón para os usuarios circular por estradas en mal estado, xa que supón un deterioro maior dos vehículos que por elas transitan, é necesario reformular esta situación para evitar riscos e sobrecustos innecesarios: investir en conservación e aforrar a longo prazo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 15/03/2018 17:20:51.321



En Galicia e na provincia de Lugo existen numerosos exemplos desta falta de mantemento das estradas estatais. Un deles é o lamentable estado da N-540, que une Lugo con Ourense. Trátase dun trazado complexo que non ten recibido apenas investimentos públicos nos últimos anos. En numerosos puntos, a estrada presenta un asfaltado totalmente deteriorado, mesmo nos carrís de incorporación e saída, así como falta de sinalización, sendo unha vía moi transitada, tanto por vehículos convencionais como por camións.

Existen situacions incomprendibles, como sinalizacions de dobre carril que indican que no carril rápido non se pode circular a menos de 70 km/H e sinalizacions xenéricas que limitan a velocidade máxima en todo o tramo a 80 km/h, ou mesmo a 50.

A situación de inseguridade da vía é tal que moitos usuarios optan por trazados alternativos, más longos, pero que lles producen maior seguridade, como é utilizar a alternativa de Monforte, polo corredor CG-2.2.

O 22 de xuño de 2017, a Comisión de Seguridade Vial do Congreso aprobou unha proposición non de lei de En Marea para que o Ministerio de Fomento efectuase actuacions de reforma e rehabilitación na N-540 este ano nos tramos situados entre Guntín e Ventas de Narón, e no tramo que vai entre Chantada e Taboada, que a día de hoxe están sen realizar.

A veciñanza de Guntín denuncia continuamente a perigosidade da curva situada á saída da localidade e son frecuentes os accidentes que se producen na zona. Tamén en Chantada son habituais as queixas polo lamentábel estado da variante de Chantada, con 7 quilómetros de pavimento desgastado, cada vez máis deteriorado. Mesmo se sinalizou recentemente con sinais de perigo por proxección de grava.



Nunha resposta a En Marea, o Goberno afirmou que na N-540 non se identificou ningún Tramo de Concentración de Accidentes, cando é un área de alta sinistralidade. De feito, en outono de 2015 houbo unha sucesión de accidentes, cunha persoa morta e 11 feridos nun intervalo de 18 días.

Noutra resposta do Congreso a En Marea, o propio Ministerio de Fomento recoñece que “na provincia de Lugo, o Ministerio de Fomento ten identificado varios tramos da N-540, nos que o estado do firme aconsella a realización de actuacións”, sen embargo, o Ministerio de Fomento non concreta nin as actuacións concretas a realizar nin os prazos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir unha mellora integral do estado do firme da N-540, así como a remodelación da súa sinalización para mellorar a seguridade viaria no conxunto da vía.
2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir a urgente reforma e rehabilitación da N-540 nos tramos entre Guntín e Ventas de Narón e entre Chantada e Taboada, tal e como acordou a Comisión de Seguridade Vial do Congreso dos Deputados.
3. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir a urgente reforma e rehabilitación da N-540 entre A Barrela e Chantada.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 15/03/2018 17:20:51.321



Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García,

Anxeles Cuña Bóveda

Davide Rodríguez Estévez,

Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/03/2018 16:59:12

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 16:59:19

Marcos Cal Ogando na data 15/03/2018 16:59:26

Antón Sánchez García na data 15/03/2018 16:59:35

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 16:59:42

David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 16:59:47



(0029069) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei**, doc. núm. **28005 [10/PNP-002007]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a mellora da seguridade viaria no conxunto da estrada N-540, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Ventas de Narón, Chantada-Taboada e A Barrela-Chantada, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de abril de 2018.

Emenda de modificación

Propónese modificar o punto primeiro da parte resolutiva que quedaría redactado do seguinte xeito:

“1. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para exixir a incorporación nos Orzamentos Xerais do Estado para 2018 unha partida orzamentaria suficiente, como mínimo de 2 millóns de euros, que garanta o mantemento integral da N-540, así como a remodelación da súa sinalización para mellorar a seguridade viaria no conxunto da vía.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:34
Nº Rexistro: 29069
Data envío: 09/04/2018 17:34:47.439



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2018 17:33:47

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:33:52



4.8 10/PNP-002016 (0028112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecimiento do terrorismo

(0028112) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos véñense repetindo as denuncias, multas, procesos e condenas ao abeiro das modificacións do código penal e a lei mordaza, co obxecto de sancionar pola vía administrativa e penal actuacións que se poden enmarcar no exercicio de dereitos fundamentais como o de manifestación, folga, reunión, expresión, etc.

Estas sancións e condenas teñen como resultado o amedrentamento, a coacción, a asfixia do exercicio dos dereitos democráticos. Trátase dunha escalada regresiva e represiva que está dando lugar a numerosas condenas ao Estado español por parte do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos.

O 4 de decembro do 2017, a Audiencia Nacional condenou -coa máxima pena pedida pola fiscalía- a 12 integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* pol suposta comisión dun delito de enaltecimiento do terrorismo. Cada integrante do colectivo foi condenado a 2 anos e un día de prisión, 4.800 euros de multa e 8 anos e un día de inhabilitación para exercer cargo público.

Cómpre ter en conta que a sentenza fala dun risco “abstracto”, contradicindo a doutrina da Directiva Europea sobre enaltecimiento, que indica que debe existir un



“risco certo e concreto” para a convivencia pacífica na sociedade, que é o ben xurídico a protexer. Asemade, tamén vai en contra da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que establece que hai que ter en conta o contexto no que se producen as mensaxes, e se se trata dun escenario de violencia xeneralizada.

Máis alá destas consideracións a respecto do marco xurídico europeo e internacional, os delitos de enaltecimiento do terrorismo e incitación ao odio estanse convertendo na coartada perfecta para perseguir xudicialmente a artistas e grupos musicais. A idea de fondo é coartar a liberdade de creación, de expresión e de crítica; perseguir a discrepancia política e social, e fomentar a censura e a autocensura.

É indubidábel que tanto no caso da Insurgencia como de artistas como Valtonyc ou Pablo Hasel estamos ante letras subversivas e provocadoras, de denuncia social e de crítica do sistema político. Mais precisamente son a tolerancia, o pluralismo e o derecho á discrepancia os dereitos que distinguen unha democracia. Cando se limitan e se perseguen estos dereitos fundamentais, en lugar de avanzar retrocedemos.

O mesmo acontece no caso dos expedientes administrativos e multas por aplicación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como “Lei mordaza”. Trátase de respuestas autoritarias e represivas por parte do Estado ante o malestar e a indignación social, producidos por decisiones políticas que causaron un enorme sufrimento pola perda de postos de traballo, de dereitos sociais e laborais, ou polo despexo de vivendas.

As letras das cancións, os discursos públicos de artistas e creadoras, as manifestacións... son –además de ejercicio da liberdade de expresión e de creación– unha forma de canalizar e darlle visibilidade a esa indignación. Perseguíalas penalmente como incitación ao odio e enaltecimiento do terrorismo constitúe un exceso que empobrece a democracia e a fai retroceder cara a tempos pasados.



**OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución expresar o apoio aos integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* condenados pola Audiencia Nacional a dous anos e un día de prisión, así como a todas as persoas procesadas, condenadas ou sancionadas por exercer a liberdade de expresión, de creación ou de crítica.

Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar ao goberno do estado a modificación do código penal para impedir a actual interpretación represiva dos delitos de incitación ao odio e enaltecimiento do terrorismo.
2. Solicitar ao goberno do estado a derrogación da Lei de Seguridade Cidadá, coñecida como Lei mordaza.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28112
Data envío: 19/03/2018 12:30:18.321



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 12:27:54

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 12:27:58

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 12:28:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 12:28:01

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 12:28:03

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 12:28:04



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0029058) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecimiento do terrorismo (10/PNP-002016, documento número 28112)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia demandar do Goberno do Estado a derrogación da Lei de seguridade cidadá, do 30 de marzo de 2015.”

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 16:12:01



70

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 16:30
No Rexistre: 29058
Data envío: 09/04/2018 16:28:31.204



■ Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 16:12:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia
